

## PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E HIXIENE POR MOR DA COVID-19 DURANTE AS PROBAS CELGA DE MAIO/XUÑO DE 2022

**1. Máscara.** Recoméndase o uso responsable da máscara, que cubra o nariz e a boca, dentro das aulas e dos demais espazos do centro.

**2. Distancia.** Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal en todos os espazos e circularase polo centro tendo en conta a sinalización e mais as indicacións do persoal da organización.

**3. Ventilación.** Manterase a máxima ventilación posible nas aulas e nos demais espazos do centro. As ventás deixaranse abertas e, cando sexa posible, tamén as portas.

**4. Hixiene de mans.** Recoméndase o lavado das mans, frecuente e meticuloso, con agua e xabón. Ademais, haberá xel hidroalcohólico nas aulas e nos demais espazos do centro.

**5. Síntomas.** Se durante as probas algunha persoa mostra síntomas compatibles coa covid-19, será conducida a outra aula para poder realizalas de modo illado.